



Nome:

Data:

XULIO VERNE

Jules Gabriel Verne, tamén coñecido en galego como Xulio Verne, nado en Nantes o 8 de febreiro de 1828 e finado en Amiens o 24 de marzo de 1905, foi un escritor francés, pioneiro da literatura de ciencia ficción.

Verne naceu en Nantes no seo dunha familia burguesa, era o máis vello dos cinco fillos do matrimonio formado por Pierre Verne, avogado, e Sophie. Viviu os seus primeiros anos nunha illa no río Loira. Vivir nun sitio illado axudouno a desenvolver a súa imaxinación e manter unha forte relación co seu irmán máis novo, Paul. Aos nove anos, foi co seu irmán ao liceo de Nantes. Logo de rematar os seus estudos no liceo, Verne marchou a París para estudar dereito.

Arredor de 1848 en colaboración con Michel Carre, comeza a escribir libretos para operetas. Durante algúns anos dedicouse a escribir obras para o teatro, sen moito éxito e só consegue estrear sete das vinte e catro que escribiu, e tamén escribiu historias de viaxes para a revista Musée des Familles, nos que narra extravagantes viaxes e aventuras nos que achega detalles científicos e xeográficos para darlle verosimilitude.

Cando o pai de Verne descubriu que o seu fillo dedicábase a escribir e non a estudar, deixou de enviarlle cartos, polo que se viu obrigado a vivir como corredor de bolsa, que odiaba, aínda que tivo un certo éxito na súa actividade. Nestes anos coñeceu a Alexandre Dumas e Victor Hugo, que lle deron algúns consellos de cómo escribir.

En 1857 casou con Honorine de Viane Morel, unha viúva con dúas fillas, e co seu apoio continuou a escribir, aínda que editores rexeitaron escrito tras escrito. En 1861 naceu o seu fillo Michel Jean Pierre Verne.

En 1863 a súa situación mellorou cando coñeceu a Pierre-Jules Hetzel, un dos máis importantes editores franceses do século XIX, coa axuda de Hetzel, Verne reescribiu a historia sobre unha exploración en globo en África e publicouno como Cinco semanas en globo, modificando o ton pesimista cara outro caracterizado polo optimismo.



Verne convertiuse en millonario e famoso. Antes de aparecer como libro as súas novelas aparecían por entregas na revista de Hetzel, Magazine d'Éducation et de Récréation. Entre as súas novelas máis coñecidas están Viaxe ao centro da Terra (Voyage au centre de la Terre) (1864), Da terra á lúa (De la Terre à la Lune) (1865) ou Vinte mil leguas baixo dos mares (Vingt mille lieues sous les mers) (1869).

En 1886 recibe un disparo nunha perna do seu sobriño Gaston, o que o deixa semiinválido. En 1887 tras a morte de Hetzel, Verne comezou a escribir obras máis escuras. En 1888 saíu elixido concelleiro de Amiens por unha lista radical, permanecendo durante quince anos no posto. Entusiasta do esperanto, en 1903 presidiu o grupo esperantista da súa cidade.

Vigo é un dos escenarios de Vinte mil leguas baixo dos mares. O capitán Nemo aprovisionase co ouro do tesouro dos galeóns afundidos no estreito de Rande, na ría de Vigo.

Anos despois, o 21 de maio de 1884, Jules Verne recalou en Vigo por unha tormenta e quedou na cidade durante un tempo. Leticia Costas escribiu "Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta"recreando esta visita.

En 2018 o Museo de Arte Contemporánea de Vigo expón a mostra "Xulio Verne. Os límites da imaxinación" .

https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Jules_Verne&direction=prev&oldid=5737471

1. En que país naceu Verne?

2. Cantos irmáns tivo?

3. Que quere dicir que "naceu no seo dunha familia burguesa?"



4. Que tipo de obras escribiu nos seus comezos?

5. Que pasou cando o seu pai se enterou de que se adicaba a escribir en vez de estudar?

6. Que dous escritores lle deron consellos sobre como facelo?

7. Cando mellorou a súa situación e por que?

8. Canto tempo se adicou á política?

9. Que é o "esperanto" ?

10. Que relación existe entre Verne e a cidade de Vigo?

11. En Vigo hai unha escultura de Xulio Verne. Investiga quen é o seu autor e ónde se atopa.



12. Cal é o significado de "pioneiro"?

13. Que é un "liceo"?

14. Escribe dúas palabras agudas, dúas graves e dúas esdrúxulas que aparezan no texto.

15. Escribe un sinónimo e un antónimo de "extravagantes"

16. Indica cal é a "palabra clave" de cada parágrafo.

17. Fai un breve resumo do texto.
